



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - SMBM		
Número expediente:	Documento:	Data:
CON/64/2012	CONWI0G7	07-09-2012
3S1E2Q1V5R5T69590VL4		

ACTA DA REUNIÓN MANTIDA POLOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A AVALIACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES E POSTERIOR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO INTEGRAL DE COMEDORES NOS CEIP DE A SOLAINA, A GÁNDARA, VIRXE DO MAR E O FEAL.

Ás doce horas e corenta e cinco minutos do día sete de setembro de 2012, reuníronse baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. José M. Blanco Suárez, D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario Xeral), D. Gonzalo Gómez Prego (Interventor Accidental), D. Alfonso Filgueira López (Xefe do Servizo Sociocomunitario), Dna. M^a del Carmen Espada Cortizas (concelleira delegada da coordinación do Servizo Sociocomunitario), e actuando como secretaria da mesa Dna. Susana Barbeito Míguez (administrativa do Departamento de Contratación), constituídos en Mesa de Contratación do servizo de Comedores nos CEIP de A Solaina, A Gándara, Virxe do Mar e O Feal, para proceder á valoración dos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmula ou porcentaxe e a posterior proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

Declarada aberta a sesión pola presidencia, toma a palabra a Secretaria da Mesa para explicar que tal e como se detectou nunha xuntanza celebrada por esta Mesa de Contratación en data catro de setembro de dous mil doce, con ocasión da apertura dos sobres C "Criterios avaliados en cifras ou porcentaxes", existía unha oferta anormal ou desproporcionada, xa que a media aritmética das ofertas presentadas é, no caso dos xantares 4,46, e no caso dos almozos é de 1,797, e a oferta presentada pola empresa Villasenín, S.A. é inferior en máis de dez unidades porcentuais a esta media. Aplicando, pois, a cláusula 20.1 do Anexo I das características do contrato, do prego de cláusulas administrativas particulares, resulta acreditada a existencia de tal oferta desproporcionada.

Á vista do anterior, e en aplicación do previsto no devandito prego de condicións, e no artigo 152.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse a dar audiencia á empresa Villasenín, S.A., mediante comunicación remitida a través de correo electrónico de data cinco de setembro, a fin de que xustificase a valoración da oferta anormal e precisase as condicións da mesma de acordo cos parámetros recollidos no artigo e texto legal meritados.

Unha vez presentada a xustificación da oferta en data seis de setembro pola empresa Villasenín, S.A., e de acordo coa previsión normativa, deuse traslado para a súa valoración e análise ó técnico competente. Analizada a devandita documentación, o xefe do Servizo Sociocomunitario emite informe favorable, que literalmente dí:



“ASUNTO : Informe sobre documento presentado pola empresa licitadora VILLASENÍN, S.A., con C.I.F. A-15043680, en contestación ao requerimento do Presidente da Mesa de Contratación para a licitación dos comedores escolares nos CEIP de A Solaina, A Gándara, Virxe do Mar e CPI do Feal durante o Curso Académico 2012-2013 (EXP. CON/64/2012).

DESTINATARIO : Departamento de Contratación + Expediente.

O funcionario municipal que subscribe, xefe do Servizo Sociocomunitario , en relación ao asunto de referencia, emite o seguinte INFORME :

Examinado o documento de referencia presentado pola empresa VILLASENÍN, S.A., con CIF, A-15043680, denominado “Xustificación da Oferta Económica”, resulta o seguinte :

1.- Contexto do informe

Emítese o presente informe no marco do expediente de licitación dos comedores escolares dos colexios sobreditos, a petición do órgano de Contratación, en concordancia co previsto no art. 152.3 do TRLCSP, á reserva doutros informes técnicos máis fundados que o órgano de Contratación considere oportunos.

2.- Normativa aplicable

Establecida no prego de cláusulas xurídico-administrativas e técnicas que rexe a licitación, e demais normativa concordante.

3.- Valoración

Avaliase a xustificación presentada pola empresa VILLASENÍN, S.A., dacordo co previsto no art. 152.3 da TRLCSP e Prego de Condicións da licitación.

Criterios de valoración :

3.1 Aforro que permita o procedemento de execución do contrato

3.1.1 Xustificación aportada pola empresa VILLASENÍN, S.A. :

- Cadros xustificativos de custe do xantar
- Cadros xustificativos do custe do almorzo

3.1.2 Valoración :

A empresa documenta a xustificación cun desglose do prezo ofertado por menú, tanto do xantar como do almorzo, indicando o impacto no custe final do persoal de restauración, loxística e monitoraxe, de materias primas, transporte, amortización, xestión e beneficio empresarial.

- Explica de maneira congruente, co proxecto técnico presentado, os argumentos organizativos nos que fundamenta estes prezos e aforros. Por exemplo o custe 0 de cociña fundamentao en base a completar carga produtiva do persoal que xa traballa para outras encargas da empresa; ou a distribución loxística en base ao seu catering no aeroporto da Coruña, como plataforma de apoio ao servizo de Narón (20 minutos de tempo de traslado).

3.2 Solucións técnicas adoptadas

3.2.1 Xustificación aportada pola empresa VILLASENÍN, S.A.

- Descrición organizativa xa referida no proxecto técnico
- Aclaración de reparto de custes

3.2.2 Valoración

- Efectivamente a descrición da solución técnica é coincidente a nivel organizativo co descrito no seu proxecto técnico con indicación de nomes e apelidos do persoal adscrito ao servizo de Narón tanto do departamento de cociña, departamento de preparación e departamento de loxística.

- Ten lóxica a aclaración de axuste do prezo coa solución organizativa de optimizar a carga de produción actual do persoal de cociña e loxística, ata completar xornadas de baixa actividade; así como a distribución a partir da plataforma da empresa no aeroporto de Alvedro cun impacto



NARÓN

aparentemente medido na consecución dos tempos de transporte (aproximadamente 20 minutos), ata os colexios de Narón.

3.3 Condicións excepcionais favorables que dispón

3.3.1 Xustificación aportada pola empresa VILLASENÍN, S.A.

- Non figura expresamente a descrición de condicións excepcionalmente favorables das que dispón.

3.3.2 Valoración

- Non se pode valorar ao non mencionarse. Non se aluden axudas ou subvencións do Estado e/ou outros organismos.

3.4 Protección de emprego e condicións de traballo vixentes

3.4.1 Xustificación aportada pola empresa VILLASENÍN, S.A.

- Aporta copia dos TC2 do persoal adscrito con indicación de xornada, tipo de contrato, ocupación e bases de cotización.

- Expresa compromiso de aplicación do convenio de ocio e tempo libre para o persoal monitor – educador.

3.4.2 Valoración

- A efectiva aportación dos TC2 cos custes do persoal adscrito ao contrato con indicación de bases de cotización, clasificada por postos de traballo, categorías e xornada laboral, permite valorar positivamente a xustificación deste apartado respecto do persoal de restauración, loxística e transporte.

- A prevención de riscos e a vixancia da saúde, está acreditada congruentemente e xa avaliada no proxecto técnico presentado.

- Faltaría acreditar a relación final nominal de contratos do persoal monitor - educador responsables do comedor de cada centro escolar, con indicación da ratio de persoal de comedor -monitores por alumnos. Evidentemente debería facilitarse con carácter previo á sinatura do contrato (si este se realizase con esta empresa).

- Estímase conveniente que o Departamento de Contratación verifique na sinatura do contrato que o persoal monitor-educador responsable do programa educativo complementario e de vixancia dos/as alumnos/as, se axuste ao establecido nos pregos. De igual maneira durante a prestación do servizo se verificará tal aspecto.

3.5 Viabilidade do proxecto económico

3.5.1 Xustificación aportada pola empresa VILLASENÍN, S.A.

- Descrición detallada de custes imputables ao prezo final.

- Documento comparativo de prezos ofertados para comedores escolares da Consellería de Educación na provincia da Coruña.

3.5.2 Valoración

- A empresa VILLASENÍN, S.A., presenta un desglose pormenorizado de cada custe imputado ao prezo final, razoablemente proporcionado, e dentro do espectro dos prezos de mercado.

- No documento aportado pola empresa VILLASENÍN, S.A. para constatar esta proporcionalidade, describíense propostas presentadas para a contratación da xestión de 60 comedores escolares da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, para o Curso Académico 2012-2013.

- Constátase que o prezo ofertado para a licitación dos comedores escolares de Narón está encaixado como “segmento de prezo alto”, posto que mais do 85% dos prezos ofertados polas empresas alí licitantes está por debaixo dos 4,00€/menú, (ofertado en Narón por VILLASENÍN, S.A.).

- En consecuencia semella razoable afirmar que a oferta presentada por VILLASENÍN, S.A. non parece desproporcionada por canto existen ofertas similares na mesma provincia, efectuadas por outras empresas do sector que así o ratifican.

- Incluso outra das empresas licitadoras dos comedores escolares de Narón, que tamén licita os comedores contratados pola Consellería de Educación, oferta un prezo inferior (en lotes similares ao redor dos 75.000,00€), ao ofertado por VILLASENÍN, S.A. na presente licitación.



NARÓN

- Podería afirmarse, coa reservas aludidas, que a xustificación aclara a oferta nos termos solicitados no art. 152.3"

Os demais vogais da Mesa de Contratación ratifican o informe evacuado, e acordan aceptar a oferta presentada pola empresa Villasenín, S.A., por xustificar a súa oferta ó amparo do artigo 152.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Procédese, entón, á aplicación da fórmula matemática que figura na cláusula 20.1 do Anexo I das características do contrato, do prego de cláusulas administrativas particulares, á totalidade das ofertas, obténdose a seguinte puntuación das ofertas económicas que, sumadas ás puntuacións outorgadas aos criterios non avaliados mediante fórmulas ou porcentaxes ofrecen o resultado que se transcribe:

Criterios de valoración	Catering Caranza, S.L.	Serunión, S.A.	Villasenín, S.A.
Elaboración de menús	11	13	13
Cualificación persoal e actividades complementarias	9	14	11
Control de calidade produtos alimenticios	6	8	8
Oferta económica	50,197	48,815	60
TOTAL	76,197	83,815	92

Resultando que a proposición máis vantaxosa para este Concello é a presentada pola empresa Villasenín, S.A., unha vez valorados todos e cada un dos criterios de adxudicación, esta Mesa propón ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de referencia a Villasenín, S.A., polos seguintes importes:

	Achega municipal do Concello	Achega das familias (IVE incluído)
Oferta por almorzo	0,00	1,50 euros
Oferta por xantar	0,00	4 euros

Sen máis asuntos que tratar, e dando por rematado o presente acto, levántase a correspondente Acta, a cal será refrendada coa sinatura do Sr. Presidente, perante min, a Secretaria, no lugar e data sinalados no encabezamento, sendo as trece horas e quince minutos. Dou fe.

